

OS CANDIDATOS Á ALCALDÍA DE NEGREIRA VISITAN O CEIP O COTO

O colexio de O Coto, tanto dirección como profesorado e alumnado de sexto de primaria, quere mostrar o seu agradecemento ós/ás candidatos/as á alcaldía de Negreira pola súa visita e participación nunha actividade complementaria de centro que pretende educar a futuros cidadáns comprometidos coa sociedade democrática.

Cada formación política prestouse, de forma desinteresada, a acudir por separado ó centro para ser entrevistados polo alumnado e responder a preguntas relacionadas coa súa motivación política, obxectivos e prioridades de goberno en diversos ámbitos (cultura, sociedade, deportes, medio ambiente, sanidade, educación, urbanismo).

Acudiron, por orde de participación, desde:

- **Cidadáns**; martes 14 de maio, M^a Carmen Vieites Pardo
- **PP**; mércores 15 de maio, Rubén Suárez Carballo e M^a José Carballo Villar
- **BNG**; xoves 16 de maio, José Ramón Blanco e Fco. Xavier Salgado García
- **PSOE**; luns 20 de maio, Ángel Leis Míguez e Mar García Vidal

Negreira a 24 de maio de 2019

O equipo directivo